



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

www.cig-ensino.gal

Marzo 2015

24 DE MARZO DE 2015 FOLGA NA UNIVERSIDADE

Manifesto das organizacións sindicais e estudantís para a convocatoria de folga nas universidades galegas

1. O Goberno do estado acaba de aprobar o RD 43/2015 (3+2) modificando a ordenación das ensinanzas universitarias coa oposición de toda a comunidade universitaria, da Conferencia de Reitores (CRUE) e de todos os partidos e forzas sindicais, sen dar un debate político nin social nun tema que trastorna de xeito radical a universidade. Faise tamén sen unha avaliación da implantación da aplicación do proceso de "Bolonia", cunha clara vontade de degradar as titulacións e reducir a calidade das universidades públicas. Facilita igualmente a expansión das universidades privadas no ámbito dos mestrados e titulacións curtas, única forma de que compitan coa oferta das universidades públicas con profesorado máis cualificado e ata os últimos tempos con prezos máis baratos. As universidades privadas teñen o 12,8% da matrícula de grao e, en cambio, xa acumulan un 27,9% da matrícula de mestrado.

O Decreto 3+2 busca expulsar pronto do sistema educativo os e as estudantes con menos ingresos e reducir significativamente a cualificación media do estudantado. Afonda nas desigualdades sociais e educativas e afástase da

homologación das titulacións dentro do sistema universitario.

2. Xa a reforma implantada co Real Decreto-Lei 14/2012 das taxas universitarias e o encargo docente do profesorado atacaran os outros dous factores de competitividade das universidades públicas: os prezos e un equilibrio na actividade

docente e investigadora que permite ofrecer unha docencia de calidade. Ao encarecemento das taxas e ao empeoramento das condicións de traballo do profesorado, súmase agora un ataque frontal ao sistema de titulacións.

3. Nos últimos meses de mandato, o Goberno do estado quere aínda

Manifestacións

A Coruña (Praza de Pontevedra)
Ferrol (Praza de España)
Lugo (Edificio sindicatos)
Ourense (X.T.Educación)
Pontevedra (Praza da Peregrina)
Vigo (Praza de América)
Santiago (Alameda)

Saída ás 11:30 horas

aprobar dous reais decretos que modificarán os requisitos para a creación de centros e universidades e o sistema de acreditación do profesorado universitario funcionario, requisito para o acceso á profesión docente e investigadora. Co primeiro, na práctica, busca flexibilizar as condicións para a creación de novos campus privados, afondando nunha dinámica que levou a que se creasen 14 universidades privadas novas nos últimos 14 anos, mentres o número das públicas se mantiña estábel.

4. A proposta ministerial de Real Decreto de acreditación do PDI establece un sistema menos obxectivo, menos transparente e menos imparcial e continúa subestimando a actividade docente fronte á investigación.

5. En Galiza, o goberno da Xunta colabora activamente nesta cruzada contra o papel da universidade. A eliminación precipitada de titulacións, polos límites de alumnado imposto, faise cando aínda acaban de rematar en moitas titulacións as primeiras promocións de estudantes do Plan Bolonia e impide a consolidación da oferta educativa. As taxas de segunda matrícula e sucesivas e as de mestrado alcanzan unhas contías que superan amplamente as da maioría de países europeos.

6. Tamén os recortes impostos pola Xunta de Galicia foron intensos: 86

millóns de euros menos de financiamento das universidades en tan só cinco anos. O anuncio de que o novo Plan de Financiamento en negociación non vai mellorar a baixísima porcentaxe do PIB destinado ao ensino universitario e camiña cara a consolidar a aposta por un financiamento variábel crecente, mentres que o estrutural non cobre os gastos básicos de funcionamento das universidades.

A implantación de Boloña (1 ano menos de estudos) e a crise fixeron que as universidades galegas perdesen 5053 estudantes (-7,26%) desde o curso 2009/10. As taxas e bolsas seguen impedindo o acceso a unha formación completa ao estudantado con menos recursos económicos. Os e as estudantes galegas perderon un 17,7% das bolsas de mobilidade ERASMUS en 2013/14 (mentres que a media estatal foi do -7%).

O PDI das universidades galegas é o segundo máis envellecido do estado. Hai 350 postos de traballo menos nunha espiral de falta de renovación e promoción que pon en risco a continuidade de titulacións e a da actividade investigadora.

Galicia perdeu tamén 1287 investigadores e investigadoras entre 2010 e 2013. O investimento en I+D descendeu pasando de ocupar a posición 7 ao número 11, cun recorte

de case o 20% que dobra a media dos recortes do resto do estado.

Portodo iso, facemos un chamamento á comunidade universitaria a sumarse á folga do vindeiro 24 de marzo e a participar nas mobilizacións e á sociedade, en xeral, a acompañarnos na defensa das universidades públicas, necesarias para o futuro do noso país.

Non ao Decreto 3+2

Non aos recortes en educación e investigación

Non á privatización do ensino universitario

Non á precariedade laboral

Por unha equiparación das taxas de grao e mestrado.

Por unha política de bolsas que incremente o número e contía e garantan un acceso real ao ensino público superior.

Por un sistema universitario galego cun financiamento estrutural estábel e suficiente.

Por unha política de dotación de persoal que permita a renovación e garanta o mantemento das titulacións e o impulso da I+D.

As Universidades galegas polo ensino público para todas e todos, contra os recortes e por unha sociedade máis formada e cunha investigación de calidade.

Convocan: CIG Ensino, CCOO, UGT, CSI-F

Comités, Liga Estudiantil Galega, AGIR, Sindicato de Estudantes, Acción Universitaria

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tif. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tif. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tif. 986609360 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tif. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tif. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tif. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tif. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tif. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tif. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tif. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tif. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tif. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal